

A LITERATURA GALEGA 'PROSCRITA' EN MADRID. 16-21.
 ASUMIU ZAPATERO A POLÍTICA ECONÓMICA DA DEREITA? 16-17.
 ESPAÑA. PALOMARES FALA DE COMO SE MANIPULA A PRENSA. 20




Suso de Toro.

2 EUROS
 22.XULLO.10

Periódico semanal
 Fundado en 1907
 Nº1.416

anosaterra

FACO VILABARRO



Xabier López López
 OS LIBROS PRESTADOS

Os protagonistas destes catro relatos non son os libros, senón os lectores. O que agochan as vidas dos que len.

60
 EDITORIAL GALAXIA
 aniversario
 1950-2010
 www.editorialgalaxia.com

Rosalía, o símbolo galego máis internacional

Unha comitiva de escritores e cidadáns lembra o traslado dos seus restos ao Panteón de Galegos Ilustres no 125 aniversario da morte da poeta

Este artigo pode verse tamén no sitio web de anosaterra.com

ROSALÍA VOLVE A COMPOSTELA



O Coro da Asociación Musical Solía interpretou o *Angelus* de Massenet no Panteón de Galegos Ilustres.

Varios miles de persoas reivindicaron a escritora no 125 aniversario da súa morte nun acto no que se reclamou a laicidade do Panteón de Galegos Ilustres

Maria Obelleiro
Paco Vilabarro (fotografía)

'Comesta dos lobos comesta moi eu'

Quen os Emúñez, admirador de Rosalía de Castro, resumía nestes versos as críticas e o desprezo que sufriu a escritora ao longo da súa vida. Consciente da inxustiza creada ao redor da muller que aspirou a un sistema literario no idioma de seu, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) rendeulle a Rosalía a homenaxe que lle foi privada o 15 de xuño do 1985, data na que finou. Fixoo co apoio de máis de 200 entidades que re-



A unmesda inhumación, a tumba de Rosalía, nun apartado runcho, carecía de lápida e cruz"

memoraron "a muller que alargou até o infinito o campo da literatura e da cultura galegas" en tempos nos que o progreso e a modernidade se identificaban coa españolización. O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias salienta a necesidade de non perdermos a memoria, "non só a do dolo-

roso 1936, senón a memoria histórica da Galiza". "É digno mellor que Rosalía para non nos perder polo camiño", sinala.

Ao pé do cemiterio da Adina, co verde do buxo e do loureiro, deu comezo a marcha cívica polos runchos que víron pasar os restos de Rosalía desde o camposanto padronés ao Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval. Sánchez Iglesias abriu o acto coa afirmación "dos dereitos nacionais na figura de Rosalía", para incidir na continuación na fértil capacidade creadora da homenaxeada. Os versos de *Follas Novas*, unha das súas obras de referencia, foron entoados por Mercedes Queixas, secretaria xeral da asociación de escritores, para despedir a terra rosaliana.

VERSOS EN COMPOSTELA. O contexto cidadá abandonou Padrón baixo os acordes da gaita e do tambor. Dirixíuse polveca >>>

POESÍA AO RESCATE DA LINGUA

Por riba de calquera outra figura galega, Rosalía de Castro é a máis universalmente coñecida e admirada. É digna de estudo esa popularidade, que atravesou os 125 anos transcorridos desde a súa morte. Rosalía concita unánime simpatía tanto polo valor literario como pola importancia do seu compromiso social e nacional.

O misterio é saber porque permanece nas capas da memoria popular cando está proscribida do discurso oficial, até o punto de que un conselleiro que se gaba de cosmopolita, preferiría inaugurar a Casa da Troia antes de impulsar o aniversario dunha figura da que se ocupan numerosas universidades do mundo.

A outra verdade que desvendou o contexto cívico do 15 de xuño é como unha acción civil concibida hai case cen anos, a creación do Panteón de Galegos Ilustres, amosa a fidedigna utilidade e tamén a sospeita dun poder eclesiástico e contumazmente castelanzador, que quere manter o control dun símbolo que só pertence a Galiza.

A beleza e a forza do acontecido no acto impulsado pola AELG suma un novo chanzo aos quince meses de mobilización constante a prol da lingua e a cultura do país, un feito a sobranza con tumba épica na que a preocupación económica contribúe a desatender o compromiso, sempre urgente, da nosa identidade ameazada.

Ramón Cabanillas, outro poeta enterrado a carón de Rosalía de Castro, sinalaba o camiño cívico segundo "a lingua é o noso escudo, ningún, sexa a que sexa a forza sobranceira en que se encoste e o poder de que dispoña, a non porá a trocar a espiritualidade dun pobo nin aforar a súa fala, que é a chave da perda da súa liberdade e o facto que aluma o cotexo da súa eternidade".

>>> miño de ferro, no tren "Follas Novas", a Compostela, onde foi recibido por varios centos de persoas, entre as que se atopaban numerosos escritores, personalidades da cultura e un bo número de militantes e dirixentes nacionalistas. "Castellanos de Castilla/ tratade ben ós gallegos;/ cando van, van como rosas;/ cando vén, vén coma negros", recitou a escritora Marta Dacosta na Praza do Toural, seguida por Anxo Angueira e Estibaliz Espinosa. A continuación, na Praza da Universidade tomaron parte do acto Antía Otero, Teresa Moure, Isidro Novo e Marica Campo. Foi fronte á Facultade de Historia onde se viviu un dos momentos máis emotivos da homenaxe, a audición da *Pietat Signore*, de Stradella. Antes de chegar a Bonaval, a Praza de Cervantes deu lle continuidade ao recital, desta vez a cargo de María Xosé Queizán, Xabier Docampo e Ana Román.

O acto cívico finalizou no interior do templo de San Domingos de Bonaval, onde tivo lugar a audición do *Angelus*, de Massenet, e a intervención poética e



Cesáreo S. Iglesias e Mercedes Queixas intervindo no cemiterio da Adina.



Marchando dende Adina até a estación de Padrón.

Quen mellor que Rosalía para non nos perder polo camiño?

Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da AELG

musical que ofreceron, entre outros, María Pilar García Negro, Rosa Aneiros, Rafa Vilar, Francisco Castro, Yolanda Castaño, Xabier Díaz, Uxia Pedreira, Uxía Senlle, Guadi Galego ou Sonia Levedinski. Os temas musicais acompañaron "un acto fermosísimo no que se implicaron numerosas persoas que tomaron conciencia dos nosos símbolos nacionais", explica Sánchez Iglesias, que insta a sociedade a "reflexionar sobre situación real da cultura e da lingua do país". Por último, o Himno Galego resouu entre a absida de San Domingos de Bonaval para despedirmos o acto de homenaxe á muller que sostivo —e sostén— a lingua contra o silencio. ●



O Himno Galego puxo o ramo á xornada diante da tumba de Rosalía de Castro.

Da morte sen lápida a l

Voz dos asoballados, das mulleres, dos débiles e dos danos infrinxidos a Galiza, a poeta que expresou a conciencia nacional e afirmou o dereito a existirmos como diferentes mor eu silenciada. A AELG lembrou no manilesto que a un mes da inhumación, a tumba de Rosalía, nun apartado recuncho, carecía de lápida e de cruz. Nesta liña, o profesor Francisco Rodríguez, na *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, aludiu ao

escaso impacto social e soterramento da literatura temporánea en Padrón. "O perigo seguramente, mellor do conflito coa Igrexa, foi a *Gaceta de Galicia*, a damente cortado nos exemplares cortados aos días claves", todo.

A marxe do po oficial, a Asociación

Mais de 150 premios nacionais e internacionais sen facer ruído

ABADÍA DA COVA
RIBEIRA SACRA
DENOMINACIÓN DE ORIGEN

ABADÍA DA COVA

ABADÍA DA COVA
RIBEIRA SACRA
DENOMINACIÓN DE ORIGEN

Abadía Da Cova
Un dos vinhos máis premiados do mundo